

«O baleiro que hai en Internet é máis grande que a soidade»

[Jorge Lamas](#) Vigo / La Voz

A viguesa presenta unha novela que trata do acoso escolar e en Internet, causa de tres suicidios nas últimas semanas

16 de novembro de 2012

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/firmas/2012/11/16/baleiro-hai-internet-e-mais-grande-soidade/0003_201211V16C89926.htm

A viguesa Leticia Costas (1979) repite con Edición Xerais trece anos despois da súa estrea literaria, coa novela O corazón de Xúpiter (Xerais). Unha estrela no vento, aquela novela publicada en 1999 xa vai pola súa décima edición, todo un logro no eido da literatura en galego. As súas incursións na prosa mestúranse coa súa participación no colectivo poético Os Poetas da Hostia.

-¿De que vai a novela?

-Sobre o acoso escolar e os perigos procedentes das redes sociais e Internet na adolescencia.

-¿Pero é unha novela ou un ensaio?

-Non, é unha novela

-Tráxica coincidencia cos varios suicidios de adolescentes que se teñen producido por esa causa nos últimos meses.

-Xusto, escribín a novela pensando que calquera día ía acontecer unha desgraza derivada destes dous temas, ben as redes sociais ou o acoso escolar. Empeceina en setembro e dúas semanas despois suicidouse unha adolescente canadiense vítima dos dous acosos. Nos dous últimos meses van xa tres suicidios por esta causa.

-Pola temática, ¿está escrita para un público concreto?

-Eu non escribo pensando nun público especial. É literatura e polo tanto é algo universal. Claro que isto pode ser un aviso para os adolescentes, claro que si, para que estean atentos ao mundo que os rodea. Pero é unha novela que pode ler calquera.

-Nesta ocasión deixa a poesía pola prosa.

-Eu empecei escribindo novelas. Teño outra publicada en Xerais, que se titula Unha estrela no vento (1999), e que tiña escrito aos quince anos. De algún xeito teñen que ver porque coinciden elementos do universo, como a estrela e Xúpiter (ri). Non, eu escribo poesía e prosa.

-¿Como é a protagonista?

-Chámase Isla e é unha adolescente que está un pouco illada no seu mundo. É unha rapaza afeccionada á astronomía, de aí ven o título. Xoga a illarse nas estrelas e, ás veces, o baleiro que se atopa en Internet é máis grande que o da propia soidade.

-¿Que estaremos facendo mal para que os nenos se illen en Internet e cheguen a suicidarse?

-Máis aló da crise económica eu estou convencida de que existe unha profunda crise social, unha crise de valores que fai que os adolescentes acaben refuxiándose en lugares como Internet, onde o abismo é máis profundo que a propia soidade. Hai anos, o acoso escolar ou bullying nin sequera tiña nome, dicían «son trasnadas». Que uns nenos pelexen na rúa tirándose pedras non é unha trasnada, é outra cousa. Agora ten un nome, pero claro hai que estar atento ao que está a pasar. Tres suicidios en dous meses, derivados do mesmo problema, é para estar preocupados.

-A nena que morreu antonte laiábase dicindo que era moi difícil ser feliz. É tremendo.

-Si, pero non só é un problema dos nenos, os pais teñen moito que dicir en estes asuntos.

-¿Esta xa traballando noutro libro?

-Si, estou preparando unha novela infantil.